UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROPOSTAS DE MELLORA Á "MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA "

As seguintes consideracións e propostas teñen a súa orixe na emenda presentada polas universidades e aprobada polo Pleno do CES á Memoria do ano 2016. A dita emenda referíase a unha cuestión moi puntual, pero pode axudar a reflexionar sobre cuestións de máis ampla relevancia:

- Cómpre insistir na contextualización dos datos referentes á realidade con galega, mediante a comparación fronte aos do seu contorno, en particular co resto do estado. É de xustiza sinalar que no conxunto da Memoria xa se observa un notable esforzo nesa liña, aínda que podería completarse nalgúns ámbitos, como o educativo.

- Os datos referentes a resultados acadados deberían intentar relacionarse cos referentes aos recursos aplicados, de xeito que se obteña información acerca da eficiencia das actuacións.

- Debería analizarse polo miúdo a conveniencia de reproducir resultados de índices ou rankings sintéticos, que pola súa propia natureza son de complexa interpretación. No caso de que, pola súa relevancia ou xeneralizado recoñecemento, se considere interesante a súa inclusión, podería introducirse algunha explicación das súas características principais (por exemplo, se se refire a rendemento absoluto ou se relativiza en función do tamaño e/ou dos recursos, tipo de dimensións que avalía...).

A Coruña, 9 de marzo de 2018